


Nome:

Curso:

1. Relaciona cada animal da primeira columna cun dos dous grupos da segunda columna:



2. Indica se estas afirmacións son verdadeiras (V) ou falsas (F):

- V O reino moneras agrupa seres vivos unicelulares.
- F Os fungos inclúense no reino plantas.
- V Os protozoos forman parte do reino protocistas.
- V As medusas inclúense no reino animal.




3. Que sabes dos fungos?

- De que se alimentan? *aliméntanse doutros organismos, normalmente de restos de animais e vexetais*.....
.....
- Como se reproducen? *reprodúcense por esporas*.....
.....

4. Indica o nome de dous ecosistemas terrestres e dous ecosistemas acuáticos:

- Ecosistemas terrestres: *pradaría, bosque, cidade*..... Resposta persoal. Por exemplo:
- Ecosistemas acuáticos: *lago, río, litoral*.....

5. Debuxa unha cadea alimentaria cos seguintes organismos: serpe, herba, escarabello, ra:



Nome:

Curso:

No bosque que hai xunto ao colexio recoñeceron diferentes tipos de seres vivos.

Xosé di que estes organismos forman unha cadea alimentaria, porque uns se alimentan dos outros.

Os saltóns comen as follas das plantas, os furóns aliméntanse dos pardais, os pardais comen os saltóns e os falcóns cazan furóns.



1. Axuda a Xosé a recoñecer a cadea alimentaria que hai neste ecosistema.

Marca a única resposta correcta entre as seguintes:

- A Plantas → furóns → saltóns → falcóns
- B Plantas ← furóns ← saltóns ← falcóns
- C Plantas → saltóns → furóns → falcóns
- D Plantas ← saltóns ← furóns ← falcóns

2. Isabel quiere clasificar os seres vivos que viron no bosque segundo a súa relación de alimentación. Contesta:

a) Que exemplo pode pór dos seguintes grupos?

- Un consumidor primario: **saltóns**.....
- Un produtor: **plantas**.....

b) Explica que pasaría neste ecosistema se houbera unha praga de saltóns e a súa poboación aumentara moito:

Se a poboación de saltóns aumentara moito, a poboación de plantas (o seu alimento) diminuiría e a poboación de furóns aumentaría porque tería máis alimento á súa disposición.

3. Xosé di que se ven poucos descompoñedores neste ecosistema, pero que son moi importantes. Cales son os dous principais descompoñedores dos ecosistemas?

- **Bacterias**
- **Fungos**.....

Nome:

Curso:

No xardín do colexio hai moitos animais invertebrados e algúns vertebrados.

A clase de quinto foi debuxar algúns destes animais utilizando unha lupa de man para poder distinguir os seus detalles.

O mestre insistiu en que respecten os animais e as plantas do xardín.



4. Encontraron un escaraballo que ten patas articuladas. Que clase de animal é?

Marca a única resposta correcta entre as seguintes:

- A Invertebrado molusco.
- B Invertebrado artrópodo.
- C Vertebrado anfibio.
- D Vertebrado réptil.



5. Despois fixéronse nunha miñoca. Contesta:

- De que grupo de animais é? **é un invertebrado anélido**.....
- Explica como é o seu corpo: **é alongado, mol, con aneis e as súas extremidades**.....

6. Estíbaliz fixo algunhas fotos dos vertebrados que viron. Indica a que grupo pertence cada animal:

- Lagarta: **réptil**.....
- Rato: **mamífero**.....
- Ra: **anfibio**.....
- Pomba: **ave**.....

7. Cando ven un animal anotan unha breve descrición coas súas características. Indica a única descrición que corresponde a unha lagarta:

- A A pel está cuberta de escamas, é ovípara e ten aletas.
- B A pel está desnuda, é ovípara e respira pola pel.
- C A pel está cuberta de escamas, é vívpara e respira por pulmóns.
- D A pel está cuberta de escamas, é ovípara e respira por pulmóns.

Nome:

Curso:

A fin de semana Xurxo e a súa familia foron á praia bañarse.

Foron un anaco de buceo con lentes e aletas e viron moitos seres vivos mariños.

Algúns son difíciles de clasificar, porque non se moven e Xurxo duida se son animais ou plantas.

A súa irmá dille que tamén poderían ser doutros reinos de seres vivos.



8. Que seres vivos do reino protocista pode ter visto Xurxo? Marca a única resposta verdadeira que hai entre as seguintes:

- A Medusas.
- B Algas.
- C Moluscos.
- D Levaduras.



9. Aínda que hai moitos seres vivos no mar, Xurxo no puido ver algúns grupos que estudaron. Indica por que non viron os seguintes grupos e escribe o reino ao que pertencen:

– Mofos: Non pode ter visto mofos, porque son seres vivos terrestres.....

Reino:fungos.....

– Bacterias: Non as pode ter visto, porque son moi pequenas e non poden verse sen un microscopio.....

Reino:bacterias.....

10. O mar arrastrou á praia algunha estrela de mar. Indica a única resposta correcta entre as seguintes:

- A A estrela de mar é un molusco que vive no fondo mariño.
- B A estrela de mar é un molusco que está cuberto por unha cuncha.
- C A estrela de mar é un equinodermo que vive no fondo mariño.
- D A estrela de mar é un equinodermo que está cuberto por unha cuncha.